tempo sindical
Voceiro da Confederación Intersindical Galega
Nº 59
05/2015

Marga Corral: "As mulleres vivimos situacións de extrema precariedade laboral."

Galiza deserto industrial

tempo sindical

Edita:
Confederación Intersindical Galega (CIG)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 10
15703 - Santiago
Telf: 981 564 300 - Fax 981 571 082
E-mail: comunicacion@galizacig.net

Consello de redacción:
Xosé Francisco Miranda Vigo, Iván García Riobó, Begoña González Carballo, Bernal Rúa Fernández, Paula Castro Lago, Florencio Rodríguez López, Graciela Alba Burgos.

Maquetación e deseño:
Florencio Rodríguez e Graciela Alba.

Fotografía:
Avantar, GZfoto, Tempo Sindical.

Executiva Confederal da CIG:
Suso Seixo Fernández, Paulo Carril Vázquez, Ramiro Oubiña Parracho, Antolín Alcántara Álvarez, Miguel Malvido Cabirto, Fernando Acuña Rúa, Margarida Corral Sánchez, Francisco Xabier Cartelle Pérez, Anxo García Torres, Xosé Francisco Miranda Vigo, Anxo Pérez Carballo, Elvira Patiño Ogea.

Colaboran neste número:
Evaristo Pereira de la Torre, Luís Burgos, Yolanda Ferreiro (EsCULcA), Anxo Louzao, Manuel González Moreira.

Imprime: Imprenta Fidalgo.
Tiraxe: 5.000 exemplares.
Depósito Legal: C-1480/94

CIG
Confederación Intersindical Galega

Editorial

Recuperar os dereitos, rematar coas desigualdades

O discurso económico do Goberno español do Partido Popular e da súa franquía galega trata de convencernos de que a crise xa pasou, de que xa estamos a medrar.

Pero a realidade non é se crecemos ou non, senón de que maneira se crece.

Neste novo Tempo Sindical facemos un repaso sobre o impacto que a crise tivo en Galiza, nomeadamente sobre o sector industrial, provocando a destrución masiva de emprego, baixada de salarios e desregularización das condicións laborais. Ao que hai que sumar a marcha de milleiros de mozos/as á emigración, de igual xeito que antes fixeron os seus avós/as e os seus país e nais, despoboando o noso país e deixándoo sen xente nova coa formación e o coñecemento necesarios para unha recuperación social e económica.

Os últimos datos do paro rexistrado en Galiza amosan un escandaloso aumento da contratación laboral, xa que só un 9,2% dos novos contratos foron rexistrados baixo algunha das modalidades de contratación indefinida; as prestacións aos parados/as caeron estrepitosamente e a cobertura do desemprego baixou do 50%.

Diante disto, a CIG mantén una campaña que iniciou a primeiros deste ano 2015 baixo o lema "Emprego e salarios dignos. Contra a pobreza", iniciativa que imos soster no tempo e que terá continuidade este 1º de Maio.

Neste contexto, non hai que esquecer que a nosa loita por recuperar os dereitos laborais pasa tamén pola recuperación dos nosos salarios, pero tamén por poñer como prioridade que a nosa nación teña competencias propias que regulen o mundo do traballo; para iso resulta fundamental dotármonos dun Marco Galego de Relacións Laborais, como único xeito de que a diferenza entre os que máis e os que menos teñen desapareza definitivamente de Galiza.

A VIÑETA

Evaristo Pereira



O ensino público aposta de xeito maioritario polo proxecto da CIG

A federación de Ensino volve gañar as eleccións sindicais pola súa combatividade, coherencia, eficacia e utilidade

Anxo Louzao

A CIG-Ensino vén de gañar de novo as eleccións sindicais no ensino público non universitario co 46,3% dos delegados/as, acrecentando a representación e ampliando en 31,2 puntos a diferenza co segundo sindicato, CCOO, que conseguiu unha representación do 15,1%. Obtivemos 8.682 votos e 63 delegados/as dun total de 140, un máis que hai catro anos, malia que se elixían 6 menos debido á redución do censo en 2.044 docentes.

A central conseguiu a vitoria nas catro provincias, obtendo maioría absoluta na da Coruña con 23 delegados/as dun total de 45 e na de Pontevedra con 21 delegados/as de 41, que son nas que traballa o 78% do profesorado. Tamén somos a primeira forza en Lugo, co 37,4% de representación e 10 delegadas/os de 27. En Ourense, co 33,3%, gañamos por primeira vez con 9 delegados/as de 27.

Estes excelentes resultados cobran maior relevancia tendo en conta que neste proceso confluíron seis sindicatos e que emitiu o seu voto o 71,7% do profesorado, superando a participación de hai catro anos. A CIG-Ensino ampliou a diferenza respecto ás outras organizacións. A segunda forza, CCOO, conseguiu 5 delegados/as menos, pasando de 27 a 22. A UGT baixou 7 delegados/as (de 22 a 15); ANPE 1 (de 18 a 17); STEG perdeu 1, quedando con 13, e CSI-F pasou de 3 a 10.

Así, dos 15 membros que conforman a Mesa Sectorial Docente non Universitaria, 8 correspóndenlle á nosa central. Estes resultados supoñen que, por primeira vez, unha organización sindical no ámbito da Administración galega teña maioría absoluta nunha mesa sectorial.

Elección tras elección logramos incrementar os apoios. En 2010 conseguimos o 43,5% de representación, agora o 46,3%, unha suba do 2,8%. Temos máis votos que a suma das cinco organizacións que nos seguen. Mais estes resultados quedan infravalorados polo pouco peso que teñen no cómputo xeral das eleccións sindicais, ao ter como unidade electoral a provincia e non o centro escolar, o que supón unha grande discriminación e deformación da representación sindical.

Só se elixen 140 delegados/as para un censo de 30.336 docentes. Se a unidade electoral fose o centro escolar (como acontece no ensino concertado), a nosa federación tería uns 650 delegados/as, o que comportaría, amais de moita máis forza e poder mobilizador, que a CIG se situase como primeira forza sindical en Galiza.

Os resultados son un referendo ao papel da CIG-Ensino na conflitividade e problemática no ensino e á nosa entrega, traballo e presenza nos centros educativos. Mais tamén son o recoñecemento á loita contra a Lomce, o desmantelamento do ensino público, os recortes e o ataque á nosa lingua e ao activismo para restituír os dereitos laborais e mellorar a calidade do ensino.

Por primeira vez un sindicato ten maioría absoluta nunha mesa sectorial no ámbito da Administración galega.

Imaxe usada na campaña electoral da CIG-Ensino. / TS

Este apoio significa tamén unha reprobación e unha emenda á totalidade á política educativa do PP, que se asenta na desconsideración do profesorado, na actitude autoritaria, no desmantelamento do ensino público en beneficio do privado concertado e no desleixo co noso idioma.

As claves desta confianza radican en que o profesorado nos percibe tal e como somos: un sindicato indomábel, combativo, coherente, eficaz e útil. Sabe que nun momento como este é imprescindíbel apoiar unha central que é garantía de firmeza, implicación e defensa dos dereitos dos traballadores/as e dos servizos públicos.

Porque representamos un modelo sindical de clase, galego, plural, democrático e próximo ao profesorado, e disposto a enfrontar con accións, mobilizacións, propostas, alternativas e traballo todos os embates, recortes e agresións que recibe o profesorado, o noso idioma e o ensino público.

Vía libre á violencia estatal contra a disidencia

A nova Lei de Seguridade Cidadá e a reforma do Código Penal buscan garantir a dureza punitiva contra o adversario político

Yolanda Ferreiro
EsCULcA. Observatorio para a Defensa dos Direitos e Liberdades

Cando as sociedades tenden a concentrar o poder social e económico condénanse, máis cedo que tarde, a acabar por adoptar unha forma estatal autoritaria.

No mundo formal e abstracto polo que transitamos as xentes do dereito, era norma afirmar que a utilización do dereito penal era a "ultima ratio" (última razón), aquel medio que utilizaba o poder para reaccionar fronte aos atentados especialmente graves á convivencia cidadá e sometida a súa utilización ao principio de legalidade, non á escolla do adversario político a neutralizar. Tal visión, que respondería á unha concepción garantista do exercicio da violencia do estado, demandaría a existencia dun poder político realmente democrático, un poder xudicial máximo defensor das garantías procesuais e unha acusación pública (o ministerio fiscal) libre de presións políticas.

Xa que logo, a inexistencia dese pano de fondo institucional determinaría xa no plano abstracto ou teórico unha pesimista visión da utilización do dereito penal polo poder no Estado español. E a análise das últimas actuacións policiais na Galiza veñen comprobar na praxe o noso postulado teórico.

O poder vén definindo dous planos de dinámicas represivas ben diferenciados. Un, de aplicación xeral, por medio da coñecida "burorrepresión" ou aplicación de sancións administrativas contra integrantes de mobilizacións e manifestacións. A lei de seguridade cidadá de 1992 ("a lei Corcuera") foi un fito histórico nesta técnica, hoxe perfeccionada pola norma do mesmo nome de 2015, a coñecida como "lei mordaza". Vantaxes desta técnica son a eficiencia dos resultados por ser de aplicación a presunción de veracidade do atestado policial e porque a revisión destas resolucións sancionadoras seguen un procedemento ante xulgados do contencioso-admnistrativo, con menores esixencias garantistas que os xulgados penais.

Mais a vía penal, se posibelmente máis incerta, ten efectos non só máis graves pola penalidade que implica (mesmo o ingreso en prisión) senón pola estigmatización que socialmente supón estar incurso nun proceso penal. E tamén pola "morte civil" que as consecuencias destes procesos supoñen en moitas das ocasións, dado que no caso de estar sometidos/as a un segundo proceso penal, o ingreso en prisión é case certo.

As sociedades que concentran o poder social e económico condénanse a adoptar unha forma estatal autoritaria.

A característica destas actuacións en que o poder decide escoller a vía penal é a coidadosa selección dos casos (naqueles nos que hai que dar un "escarmento" pola publicidade ou transcendencia do acto de protesta que se pretende punir) e dos ou das acusados/as. Persoas activas e pertencentes a colectivos que non poden ser acusados de "neutralidade política".

Nestes casos, vénse constatando a ausencia de neutralidade, imparcialidade e obxectividade dos atestados policiais. As garantías que rexen, teoricamente, o proceso penal implican a necesidade de material probatorio incriminatorio que desvirtúe a presunción de inocencia.

Así aconteceu en dous casos recentes na área de Compostela, tanto no desafiuzamento en Aríns como nas protestas contra a presenza da presidenta de Alemaña, Angela Merkel, na capital de Galiza. Os atestados amosan discrepancias co realmente acontecido moi notables, mesmo con probas videográficas de tal inexactitude.

E como peche do círculo, a norma penal que debe determinar a tipicidade da conduta e a pena a impor vén de endurecerse notablemente, buscando non só efecto intimidatorio da disidencia senón tamén a eficacia desta. Así, acaba de aprobarse unha reforma do código penal de 1995 que en si supón un novo texto máis duro aínda que o chamado "código penal da democracia".

A análise deste texto requiriría un artigo en exclusiva. Mais a desaparición das faltas e súa conversión en delitos; a nova regulación do delito de desordes públicas e o incremento xeral da penalidade agoiran un preocupante horizonte na que, feita a selección da vía penal, a dureza punitiva semella garantida.

Os riscos son elevados e non resta máis que confiar en que o poder xudicial por medio dos seus órganos penais extreme as garantías penais para parar esta contrarreforma.

A coerción do PP: presión económica e condena penal

Begoña González Carballo

A recente apertura de expediente sancionador a tres persoas e o inicio dun proceso penal contra outras dúas pola súa participación na protesta contra as políticas neoliberais coincidindo coa visita de Angela Merkel e Mariano Rajoy a Compostela, condensa as dúas vías a través das que o PP pretende reprimir a protesta social: a presión económica sobre as organizacións máis activas –focalizándoa ademais en persoas moi significadas- e o castigo penal –advertencia máxima para disidentes das consecuencias do exercicio efectivo dos dereitos e liberdades fundamentais-.

Temos cinco compañeiros identificados meses despois de sucedida a mobilización, mediante o método do revisionado de vídeos subidos á rede. A mobilización, non cómpre esquecer pola seriedade dos feitos denunciados, concluíu sen a identificación de ningunha das persoas participantes. Porén, a dous destes compañeiros téñenlle aberto agora procesos penais acusados de delitos tan graves como arrebatarlle a pistola a un axente e chuzarlle un punzón a outro.

Para a acusación, a policía válese dun atestado inverosímil que non reflicte en absoluto os feitos, como así se demostra nas imaxes de vídeo ás que a propia policía recorreu. Non obstante, o testemuño dun membro das forzas de seguranza recibe presunción de veracidade, aínda que entre en meridiana contradición cos procedementos de actuación a seguir pola policía no caso de seren certos os feitos relatados –cando menos a identificación ou detención inmediata dos presuntos culpábeis aparécesenos como acción preceptiva–.

Parece logo máis que necesaria unha lei, pero non a "mordaza" que vén de aprobar o PP nin a regresiva reforma do Código Penal, senón no camiño contrario, que protexa o pleno e libre exercicio dos dereitos de reunión, manifestación, folga e expresión.

Falsificación de sinaturas para sancionar sindicalistas

A impunidade coa que actúan os corpos policiais faise cada vez máis evidente, até o punto de que a Fiscalía de Pontevedra decidiu non investigar unha denuncia da CIG sobre a falsificación de sinaturas por parte de axentes para que prosperasen sancións contra sindicalistas.

Así se deducía da peritaxe caligráfica encargada pola CIG e que logrou que unha sanción administrativa pola ocupación dun banco en 2012 fose anulada. Marcos Conde, secretario comarcal da CIG, e Xabier Aboi -a persoa denunciada- entregaron un escrito solicitando a investigación do que a sentenza que anulou as sancións cualifica como "posíbel delito de falsidade documental en documento público", contextualizándoo na "persecución ao movemento obreiro".

O proceso remóntase ás multas coas que a Subdelegación tentaba punir unha protesta contra o rescate á banca en 2012, e nas que aducía a existencia duns inexistentes "disturbios". Á hora de presentar alegacións, o avogado da CIG decatouse de que as sinaturas dos axentes que asinaban as denuncias non coincidían cos que a ratificaban, un feito comprobado despois na peritaxe caligráfica.

Para Aboi, esta fraude "demostra as mentiras perpetradas pola policía en miles de denuncias", que "mesmo levan ao cárcere a traballadores/as" e pon en cuestión a presunción de veracidade dos axentes. Os dous sindicalistas aseguraban non confiar en que a investigación prosperase, mais solicitaron un encontro coa Fiscalía para abordar o tema.

Apenas tres días despois dese encontro, a Fiscalía comunicou o arquivo do expediente. "O grave disto é que demostra que ten dúas varas de medir; por unha banda solicitan e apoian condenas a sindicalistas, pero cando se trata de feitos escandalosos e recoñecidos en sentenza decide non investigar".

Tratados de libre comercio UE-USA-Canadá: paranoia secretista e escarnio democrático

A recente xornada de loita global incidiu nas eivas destes pactos económicos e no escurantismo das negociacións

Tempo Sindical

A xornada de loita transcontinental contra os acordos de libre comercio e investimentos entre a Unión Europea e os EEUU e Canadá do pasado 18 de abril tivo especial incidencia na divulgación do seu contido e puxo o dedo na chaga do secretismo das negociacións, do escarnio democrático e da perda de soberanía, tres aspectos que destacan entre as grandes eivas destes tratados.

En efecto, o secretismo linda coa paranoia. As negociacións con Canadá, e agora cos EEUU, son absolutamente secretas; non se publican as datas, nin os contidos, nin as conclusións. Con todo, as persistentes denuncias están a dar algúns pequenos froitos, polo momento unicamente cosméticos, pero que amosan que a loita contra os acordos comeza a preocupar a quen os impulsa. Así, agora anuncian a apertura de novas roldas negociadoras do TTIP ou fan notas de prensa... que non din nada.

A paranoia secretista chega a tal extremo que a UE habilitou unha sala especial para que os europarlamentarios/as poidan ler o texto do CITA. Iso si: non poden sacalo da sala, nin tomar notas, nin facer fotocopias. A maiores, tampouco se lles permite a lectura das diferentes addendas, protocolos e demais documentos complementarios, textos que se pretende que sexan secretos durante 25 anos.

Isto pon de manifesto outra das eivas: a redución da democracia a un envoltorio sen contido. Xa non é só que as

Imaxe da manifestación celebrada en Vigo. / TS

persoas elixidas para nos representar sexan excluídas da negociación "entre técnicos/as", senón que nin sequera teñen acceso libre e completo aos contidos. Máis aínda, estase a desenvolver unha auténtica batalla xurídica nas institucións da UE que decidirá o mecanismo a utilizar na aprobación definitiva. Aproba a Comisión e ratifica o Europarlamento? Aproban os Parlamentos? E neste caso, é necesaria a aprobación de todos? O Consello (os Gobernos) queren que sexa o Europarlamento: canto máis lonxe dos parlamentos dos Estados, canto menos debate na sociedade, canta menos participación popular, canta menos soberanía, mellor.

A perda de soberanía é tal que chega a extremos impensábeis: as empresas transnacionais poden demandar os Estados por incumprimentos dos tratados, pero os Estados non poden demandar as empresas; as leis nacionais non son de aplicación nos conflitos empresa-estado; ningún parlamento poderá aprobar leis que impidan ou dificulten a libre circulación de mercadorías, etc.

Se os Estados perden soberanía, que dicir das nacións que, como Galiza, non teñen estado de seu? O CITA, TTIP, TISA... son novos e potentes atrancos nos procesos de liberación nacional. Eis unha razón máis para oporse con total rotundidade.

Mais a posición do sindicalismo europeo fronte aos tratados dista de ser unánime. A maioría das centrais manteñen unha actitude morna, aínda que rexeitándoos, máis polo escurantismo nas negociacións que polo contido. Tamén hai sindicatos que os aceptarían se se suprimisen os "tribunais" para dirimir conflitos entre empresas e Estados. E hainos que están abertamente en contra. Con todo, a excepción dunha parte do sindicalismo nórdico, estase a dar un cambio progresivo cara ao seu rexeitamento.

A CIG apoiou e participou de maneira moi activa na xornada de loita do 18 de abril. Dende decembro vén desenvolvendo unha intensa campaña mobilizadora e divulgativa, con manifestacións e asembleas informativas. No plano internacional, a central participa activamente na Alter Summit, rede europea de sindicatos e movementos sociais, abertamente implicada na loita contra os tratados.

O traballo feminino en Galiza: entre a emigración e o infraemprego

Margarida Corral Sánchez

As mulleres galegas vivimos situacións de extrema precariedade laboral: sufrimos desigualdade salarial desempeñando o mesmo traballo, percibimos menos contía e cobertura nas prestacións, temos máis xornadas a tempo parcial, máis dificultades en atoparmos o primeiro emprego e conseguirmos outro, e para conciliar o traballo coas responsabilidades familiares (que recaen maiormente en nós).

Son fendas que, ano tras ano, van alongándose e apenas se nivelan ao igualármonos cos homes por abaixo, cun empobrecemento xeneralizado tras os recortes, a perda de dereitos e as sucesivas reformas que, aproveitando a crise económica como escusa, empeoraron as condicións de traballo para incrementaren os beneficios do capital.

A pesar das campañas triunfalistas da dereita, empeñadas en amosar o positivo dos datos, o certo é que se no 2014 se reduciu o desemprego entre as mulleres é porque hai menos mulleres. E hai menos mulleres porque estas emigran do país.

É completamente ofensivo para un país como Galiza, que desde 2008 perdeu 71.783 mulleres de entre 15 e 34 anos (6.800 galegas en 2014), que só se invista en campañas de sensibilización, porque as actuais condicións salariais, a temporalidade, a imposibilidade para emanciparse e a clamorosa ausencia de políticas dirixidas á mocidade están roubando o futuro das mozas e, con el, o futuro de Galiza.

No ano 2013 un total de 92.839 galegas declararon a Facenda un salario anual de 133 euros ao mes como máximo. / Arquivo

Os datos da Axencia Tributaria revelan que, en 2013, 92.839 galegas declararon a Facenda un salario anual de como máximo 1.861€ (uns 133€/mes). De se sumar esta cifra á poboación desempregada e non á ocupada, estaríamos a falar dunha taxa de paro feminino do 37% (e non do 21,7%). E acadaríamos unha cifra de 224.039 desempregadas, lonxe das 131.200 que estimou a EPA para o ano 2014. Demoledoras cifras que constatan o empobrecemento e a precariedade do emprego, lonxe dos datos oficiais que pretenden amosar unha imaxe de recuperación e saída da crise.

En 2014 reduciuse o desemprego entre as mulleres porque 6.800 galegas emigraron do país.

As campañas institucionais da Xunta obvian facer alusión a fenda salarial, mais os ingresos das mulleres foron o 74,5% dos dos homes. Unha fenda que seguirá existindo mentres non sexamos quen de rachar cos estereotipos que aínda predominan na estrutura salarial. Porque as mulleres seguimos a ser valoradas de distinto xeito e a nosa carreira profesional é máis lenta. Este teito de cristal impide que moitas mulleres accedan aos postos mellor retribuídos.

Por outra banda, como as responsabilidades familiares non son compartidas de xeito equitativo, as mulleres interrompemos con máis frecuencia a nosa carreira profesional e temos un maior número de contratos a tempo parcial. Isto supón que esteamos peor remuneradas, o que repercute nos dereitos de pensión futuras e pode provocar que máis mulleres ca homes sufran pobreza tras a xubilación.

Por iso segue a ser preciso a histórica demanda de obter emprego e salarios dignos, de pór freo á sangría demográfica, de se arrepor ás políticas de recortes do PP e pular pola derrogación das reformas e decretos que están creando máis paro e favorecendo o desmantelamento do tecido produtivo do noso país.

Declaración de guerra contra a clase traballadora

Analizamos as principais consecuencias dunha reforma laboral que lexitima a precariedade e reduce os dereitos

Antolín Alcántara

A reforma laboral aprobada polo PP en 2012 foi unha declaración de guerra contra a clase traballadora. O fin último pretende un escenario de máis horas de traballo e menor salario; en definitiva, maior explotación. Cada unha das abundantes normas lexislativas que se modificaron estaban premeditadas no seu alcance e afectación. As consecuencias, apenas dous anos despois, deixan en evidencia unha ruptura cualitativa dos dereitos no traballo e unha estratificación e pobreza da clase traballadora.

Ataca en bloques os dereitos consolidados en anos de loita. Incrementa a precariedade abaratando o despido e desregulando os contratos a modo temporal e parcial e consolidando todas as actividades para a entrada das ETT. Destrúe a garantía dos convenios colectivos eliminando a ultraactividade e dando superioridade aos convenios de empresa, que poden quedar en caída libre, competindo en prezos entre as empresas dun mesmo sector, no límite do salario mínimo e do Estatuto dos Traballadores/as.

Instituíu de xeito masivo a precariedade, de maneira que os despidos se producen con carácter xeral por causas obxectivas, con indemnización de 20 días por ano, tecnicamente irreversíbeis e sen posibilidades de readmisión; en definitiva o despido libre, que pretende deixar a clase traballadora nun estado de indefensión sen capacidade de reclamación e resposta sindical.

Os cambios na norma facilitan o negocio das ETT. / Arquivo

Outro marco de precariedade é a nova regulación dos contratos a tempo parcial. Esta modalidade está concentrando a principal parte dos novos contratos provocando a maior bolsa de fraude coñecida até o de agora no mundo do traballo. De maneira tanxencial estes contratos formalízanse por poucas horas á semana pero esconden xornadas de traballo infinitamente maiores, retribuídas escasamente e por debaixo do salario legal. A figura do contrato parcial, precario e fraudulento corre o perigo de facerse estrutural e afecta a numerosos sectores, como servizos, comercio, limpeza, alimentación, hostalaría e transporte.

A figura do contrato parcial, precario e fraudulento corre o perigo de facerse estrutural.

O informe da Axencia Tributaria sobre rendas da clase traballadora xa declara un estado de emerxencia, precariedade e extrema pobreza entre o persoal asalariado. No ano 2013 en Galiza, 177.000 traballadores/as, o 18,9%, percibiron menos de 200 euros ao mes, mentres 325.000 traballadores/as, máis do 30%, ingresaron menos do salario mínimo. Estas cifras teñen idéntica proporción no Estado e parecen consolidarse por efectos da reforma.

Tristemente, non axuda a combater esta reforma a actitude de CCOO e UGT, que complementan a acción política do PP colaborando en asentala cos pactos de negociación colectiva no ámbito do Estado, aceptando a caída dos salarios e renunciando á actualización do IPC como indicador menos desfavorábel para manter a capacidade adquisitiva. A maiores, participan en validar a reforma aceptando convenios de empresa inferiores aos provinciais e intentan consolidar o marco do Estado para os convenios de sector, deixando a clase traballadora sen protagonismo e participación nas decisións do seu convenio.

En Galiza a alternativa sindical da CIG, como organización de clase e propia da nosa Nación, está consolidada como o principal activo da clase traballadora para modificar nos próximos anos este ciclo destrutivo dos dereitos no traballo. Impedir os convenios de empresa, asentar o Marco Galego de Relacións Laborais e atacar o absolutismo da precariedade será o único xeito de reconquistar espazos de dignidade no traballo. Decidirmos como pobo para termos futuro.

Principais aspectos dun cambio normativo que beneficia o capital

Luís Burgos

En plena crise económica, a reforma laboral de 2012 favoreceu notabelmente o axuste empresarial, facilitando, como nunca antes se fixera, o despido. Isto é así porque o cambio normativo amplía as causas do despido, reduce o prazo do período de consultas, suprime realmente o control administrativo e limita o control xudicial.

Causas económicas

O despido por causas económicas flexibilízase de tal xeito que se unha empresa ten perdas actuais, isto opera como causa automática do despido, sen necesidade doutras xustificacións como, por exemplo, demostrar que o despido é necesario para o mantemento da empresa e de parte dos empregos e, polo tanto, non se lle esixe a presentación dun plan de viabilidade.

Pero ademais, as perdas poden ser perdas previstas, e entón a empresa, aínda que teña beneficios, pode presentar unha perspectiva futura de evolución dos mercados para xustificar os despidos que considere.

Ademais, a diminución persistente de ingresos, que se constata na facturación, aínda que a empresa non entre en perdas, tamén é causa xustificativa dos despidos.

Causas técnicas, organizativas e produtivas

Tamén neste caso existe o que poderíamos chamar un despido preventivo, que queda xustificado cando "os despidos contribúen a prever unha situación negativa da empresa". Trátase, entón, dun sistema máis flexíbel que o do artigo 41 do E.T, ou sexa que para a empresa é máis doado despedir que modificar as condicións de traballo.

Cando a empresa cambie os equipos de traballo, reorganice o cadro de persoal ou modifique os seus resultados produtivos, de forma que mellore a súa situación, estes cambios van servir para xustificar os despidos, de forma que a estabilidade no emprego das persoas se somete ao interese da mellora empresarial.

A empresa cando ten algún tipo de dificultade pode optar por modificar as condicións de traballo, por suspender temporalmente os contratos ou polo despido. A reforma apostou polo despido, porque rebaixou enormemente a indemnización e porque, ademais, se son empresas pequenas, o Fogasa subvenciona o despido con 8 días de salario por ano de servizo, equiparando na práctica a unha persoa fixa con outra eventual.

A reforma facilita o despedimento individual e colectivo como nunca antes se fixera.

As consecuencias de todo isto

Ao facilitar as causas, o despido obxectivo xeneralízase, especialmente o individual pero tamén o colectivo, e as empresas conseguen un abaratamento de até un 80% respecto do persoal fixo, tanto maior canta máis antigüidade teñan. En vez de pagar 45 días por ano e un máximo de 42 mensualidades, ou 33 días/ano e un máximo de 24 mensualidades no caso dos contratos de fomento do emprego indefinido, agora pagan 20 días por ano cun máximo de 12 mensualidades. Pero ademais están as subvencións ao despedimento por parte do Fogasa nas empresas de menos de 25 empregados/as.

A reforma laboral beneficia o gran capital. / TS

E cando se trata dun despido obxectivo improcedente, as empresas utilizan o coñecido como despido exprés, onde a empresa recoñece que non ten causa para despedir, aboa 33 días por ano –dos que 8 os paga o Fogasa– e aforra os salarios de tramitación.

É unha reforma do capital que pretende ser permanente e non só para época de crise, claramente clasista contra os traballadores/as e que, ao facilitar os despidos, mete medo nas persoas que aínda teñen emprego, obrigándoas a aceptar condicións de traballo abusivas, con perda de salario. Se a iso engadimos a prevalencia do convenio de empresa sobre os de ámbito superior e os "descolgues" onde quen realmente decide é a administración, comprendemos cal foi a causa e o efecto da reforma: socavar todos os dereitos obreiros para beneficio do capital.

A industria galega, ferida de morte

O sector destruíu máis de 61.000 empregos dende o inicio da crise e ten o peor comportamento do conxunto do Estado español

Iván García Riobó

Dende a entrada do Estado español na Comunidade Económica Europea (CEE), por volta de 1986, a industria galega sumiuse nun proceso de esmorecemento que se agudizou como consecuencia da crise económica a partir de 2008 e que na actualidade ameaza con converter Galiza nun deserto industrial. Lonxe de interpretacións catastrofistas, os datos amosan que esta posibilidade corre o perigo de se facer real a curto ou medio prazo, condenando o noso país a un futuro incerto se non mudan as políticas que aplican nesta materia o Goberno central e a Xunta.

Dende o inicio da recesión perdéronse máis de 61.000 empregos industriais, arredor dun 30% do total, o que significa que en apenas seis anos o sector destruíu case tantos postos de traballo como os creados nos 20 anos anteriores. As cifras amosan que 2014 se pechou con 154.000 persoas ocupadas na industria, fronte ás 215.000 que había en 2008, cando a actual crise económica comezou a deixarse sentir no noso país.

A perda de emprego foi constante neste período, pois aínda que experimentou unha leve suba nos anos 2011 e 2014, esta coincidiu cun aumento do número de persoas que decidiron darse de alta como autónomos. De feito, a cantidade de asalariados/as continuou en caída libre todos estes anos (dos 191.300 en 2008 aos 135.400 en 20014, o que supón unha baixada de 55.900 persoas asalariadas).

O ano 2014 pechou con 154.000 ocupados/as na industria, fronte aos 215.000 que había en 2008. / GZ Foto

Por provincias, onde máis se reduciron as persoas asalariadas no sector industrial foi na Coruña, con 23.000 menos con respecto a 2008, seguida de Pontevedra con 20.100; a continuación situouse Lugo con 9.200 e despois Ourense con 8.700.

Cae o índice de produción industrial

Outro dos parámetros que deixan ver a crítica situación da industria galega ten que ver co chamado índice xeral de produción industrial, sendo o noso país o territorio do Estado no que máis baixou ao longo de 2014 (un 4%). Pola contra, a media estatal rexistrou un incremento do 1,8%, segundo datos do Instituto Nacional de Estatística (INE).

Os datos feitos públicos recentemente amosan que no que vai de ano este panorama non fixo máis que empeorar, xa que o índice de produción industrial caeu un 3,5% en febreiro con con respecto ao mesmo mes de 2014, encadeando o segundo descenso consecutivo do ano tras baixar un 4,8% interanual en xaneiro. Deste xeito, segundo as cifras oficiais, este indicador acumula xa unha redución do 4,1% no que vai de ano.

Esta situación contrasta co que sucede no conxunto do Estado, onde a produción industrial medrou un 1,1% en febreiro con respecto ao mesmo período do ano anterior, o que supón unha taxa 3,6 puntos superior á rexistrada en xa-



O índice de produción industrial evidencia que o naval foi o sector que máis descendeu, cunha caída do 34%. / GZ Foto

neiro. Co avance interanual de febreiro, a media estatal volve a cifras positivas tras o descenso do 2,5% contabilizado no primeiro mes do ano.

Naval, enerxía e téxtil frean a actividade

A análise da evolución do índice de produción industrial dende o inicio de 2014 evidencia que o naval foi o sector que máis descendeu (cunha caída do 34%) e o que máis contribuíu á baixada do índice xeral (-1,7 puntos). A continuación situouse o téxtil, cuxa actividade baixou un 17,7% dende xaneiro do ano pasado, restándolle outros 1,3 puntos ao indicador. O sector enerxético tamén experimentou un descenso de actividade do 5% e reduciu case outro punto (0,9) ao total.

Tamén baixa a cifra de negocios

Á caída da produción industrial experimentada en Galiza hai que sumar tamén a baixada da cifra de negocios, que foi do 3,4% en 2014 con respecto ao ano anterior, o que significa que as empresas galegas non logran mellorar o seu nivel de ingresos. En paralelo á perda de impulso da industria, o sector servizos gañou terreo na economía do noso país o ano pasado, incrementando a cifra de negocios nun 2,6%, só unha décima menos que a rexistrada na media estatal.

Por unha verdadeira política industrial para o país

Miguel Malvido

O conxunto da clase traballadora pagou coa crise económica unha maior rendibilidade do capital baseada na sucesión de reformas de marcado carácter ideolóxico e na dereitización da política española; isto tivo como resultado unha desregulación das relación laborais que, sumado á inexistente política industrial da Xunta, deixa moi tocada a nosa xa de por si feble industria, que vai camiño de converter Galiza nun deserto industrial.

Necesitamos un cambio de rumbo xa que outra política é posíbel, como así o demostramos dende a CIG coas propostas incluídas na Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) polo crecemento económico e a creación de emprego que foi rexeitada polo PP no Parlamento galego; pero para poder aplicalas precisamos maior soberanía e ter as competencias necesarias en materia económica e laboral, de tal xeito que poidamos planificar o noso futuro en función das necesidades do país.

É imprescindíbel que o Goberno galego sexa o impulsor do desenvolvemento económico e industrial investindo directamente nas empresas ou por medio de compañías mixtas de capital galego, poñendo en marcha de xeito urxente un Plan Galego de Política Industrial que potencie unha industria forte xeradora de emprego e apoie a aqueles sectores que historicamente son os alicerces básicos da nosa economía.

Este Plan ten que se concretar por actividades a nivel territorial complementando os ciclos produtivos, incrementándose deste xeito o seu valor engadido, cuestión fundamental para a produtividade e competitividade, parámetros que marcan, queirámolo ou non, a supervivencia das empresas. Dentro deste Plan téñense que desenvolver os instrumentos onde marcar as pautas para o acceso a financiamento; a necesaria colaboración entre empresas, universidades e centros de investigación; a formación dos traballadores/as; as necesidades de investimento en I+D+i; así como unha subministración enerxética estábel e a prezos competitivos.

Sen industria non hai futuro. A industria é a actividade máis idónea para estabilizar e xerar emprego no seu contorno debido á gran capacidade de arrastre sobre outros sectores, acelerando os procesos de recuperación económica e sendo por iso mesmo un sector consolidado e firme nos países máis desenvolvidos.

Contra a pobreza, emprego e salarios dignos

A CIG está a desenvolver unha campaña ao longo de 2015 ante a situación de emerxencia social que atravesa Galiza

Tempo Sindical

O secretario xeral da CIG, Suso Seixo, anunciou o pasado mes de febreiro en Vigo a posta en marcha dunha campaña a nivel nacional para reclamar emprego e salarios dignos, cuestións que o sindicato sitúa como a principal problemática que padece a clase traballadora no actual contexto de crise económica. Unha crise que está a provocar un retroceso sen precedentes nas condicións laborais e sociais, na calidade de vida e nos dereitos, e un empobrecemento xeneralizado da maioría social.

O máximo responsábel da central nacionalista explicou que a iniciativa, que se desenvolve baixo o lema 'Emprego e salarios dignos. Contra a pobreza', vaise prolongar durante o ano 2015 e inclúe mobilizacións e reivindicacións concretas en cada unha das comarcas do país e atendendo tamén aos distintos sectores produtivos.

O día da presentación da campaña Seixo achegou unha serie de cifras que amosan a situación de emerxencia social que atravesa o país, "con máis de 300.000 persoas na pobreza e uns 200.000 empregos perdidos dende 2007". Ademais, incidiu en que o único colectivo de traballadores/as que medrou en Galiza foi o que ingresa arredor de 150 euros brutos ao mes, unhas 177.000 persoas.

Segundo datos da propia Axencia Tributaria, o noso país conta na actualidade con 969.000 asalariados/as, dos que 301.000 (o 31%) ingresan menos do salario mínimo interprofesional (648 euros/mes) e, neste grupo, 177.000 traballadores/es teñen un salario menor a 200 euros/mes, o 18,2% do total. Ademais, o salario no noso país perdeu o 11% da capacidade adquisitiva en cinco anos.



A crise económica está a provocar un empobrecemento xeneralizado da clase traballadora. / Kamyar Adl CC

As últimas reformas laborais provocaron unha multiplicación da precariedade, con masivos contratos de unha ou dúas horas á semana ou menos de 10 horas ao mes. As persoas nesta situación non contan como desempregados/as; se contasen e sumásemos os 80.000 mozos/as que marcharon á emigración, o paro en Galiza superaría o 40%.

A isto hai que sumar o feito de que o PIB galego medra por debaixo da media estatal e que a nosa capacidade produtiva está a sufrir un descenso radical en sectores básicos como o pesqueiro, o naval ou o enerxético; e o sector financeiro –tanto o semipúblico como o privado– pasou a mans foráneas, ao igual que empresas relevantes.

En Galiza hai máis de 300.000 persoas na pobreza e perdéronse uns 200.000 empregos dende o ano 2007.

Medra a pobreza e a exclusión social

Especialmente preocupante é a elevada taxa de paro existente, sobre todo entre a xente moza, a cada vez maior precarización do emprego, a desaparición de sectores chave para a economía galega e o incremento da pobreza e da exclusión social como consecuencia das políticas que están a desenvolver os gobernos español e galego.

As receitas neoliberais que se aplicaron nos últimos anos, nomeadamente a reforma laboral, están sendo un auténtico fracaso, xa que non contribuíron a frear a destrución de postos de traballo e a emigración da mocidade, pero si permitiron empeorar substancialmente as condicións salariais e laborais de quen mantivo o emprego. De maneira que, a día de hoxe, vemos que, aínda tendo un posto de traballo, as persoas corren o risco de caer na pobreza.

Con todo, a capacidade de reacción e o poder do cambio está nas nosas mans e pasa por unha aposta decidida tanto pola mobilización como por achegar alternativas que permitan un maior crecemento económico e a creación de emprego de calidade.

As 100 medidas para a creación de postos de traballo que o PP rexeitou

TS

Dende o estoupido da crise financeira hai xa sete anos, a CIG vén denunciando as consecuencias das políticas austeritarias, mais tamén propondo medidas alternativas para favorecer o crecemento económico e a creación de emprego no noso país dende unha óptica favorábel aos intereses da maioría social e a defensa dos nosos intereses nacionais.

Estas propostas concretáronse nas 100 medidas que a central sindical presentou para o seu debate no Parlamento galego a través dunha Iniciativa Lexislativa Popular avalada por máis de 31.000 sinaturas. Con esta ILP, a CIG pretendía non só levar ao centro do debate social a grave problemática do desemprego, senón trasladar esta cuestión á institución sobre a que recae a soberanía popular.

No texto da ILP, que non puido saír adiante polos votos en contra do PP, recóllense un conxunto de medidas en materia industrial, fiscal, financeira, laboral, social e enerxética.

- Política industrial: posta en marcha dun plan de desenvolvemento industrial que promova o peche dos ciclos produtivos en Galiza e aumente o valor engadido en sectores básicos da nosa economía; constitución de empresas públicas galegas nos sectores estratéxicos; promoción do consumo dos produtos galegos como forma de reactivación do mercado interior e contribuír a manter o emprego.

- Sectores produtivos: fomento da gandería e agricultura ecolóxicas; apoio público aos circuítos de proximidade para a transformación e comercialización directa polos/as agricultores/as dos seus produtos.

Posta en marcha dun plan integral de recuperación dos caladoiros do litoral, das rías e dos bancos naturais de marisqueo; esixencia á UE e ao Estado español de que os acordos que asinen con terceiros países non exclúan a flota galega.

Creación dun Complexo Industrial da Construción Naval na Ría de Ferrol, así como dun holding na Ría de Vigo, con participación pública e privada, que integre os estaleiros, as empresas auxiliares e as empresas de transformación do metal.

Consideración da enerxía como un servizo público e implantación dunha Tarifa Eléctrica Galega.

- Política laboral: derrogación das últimas reformas laborais; redución da xornada laboral a 35 horas semanais sen perda de salario; dignificación dos salarios e mellora do poder adquisitivo.

- Política fiscal: profunda reforma fiscal para facela realmente progresiva e con maior peso tributario para as rendas máis altas, as grandes fortunas, a banca e as grandes empresas; obriga de que todas as empresas con centros de traballo en Galiza paguen aquí os seus impostos; persecución efectiva da enorme fraude fiscal existente.

- Política financeira: creación dunha Banca Pública comercial que facilite o crédito a familias e a PEMES; e formación do Instituto Galego de Crédito e Investimento.

- Políticas sociais: instaurar o salario de inserción laboral para todas as persoas desempregadas que non cobren outro tipo de prestación; mellora da prestación contributiva e asistencial, ampliando as situacións protexidas.

A CIG presentou unha Iniciativa Lexislativa Popular avalada por máis de 31.000 sinaturas.

O secretario xeral da CIG, Suso Seixo, defendeu a ILP polo emprego no Parlamento galego. / TS

ANXO Desempregado vigués de longa duración

"Marchar obrigado do país sería recoñecer a derrota fronte ao capital"

Anxo é un nome ficticio tras o que se agocha unha historia real. A historia dun home vigués de 45 anos de idade que tras case 25 anos de traballo asalariado leva dende 2011 sen atopar un emprego. Unha historia que por desgraza comparten cada vez máis persoas no noso país. Con el falamos das súa situación, dos seus medos e das súas expectativas de futuro.

Anxo é o nome ficticio dun parado vigués de 45 anos tras o que se agocha unha historia real. / TS

–Cal era a súa situación até que perdeu o emprego?

Pois a normal de calquera traballador. Gañei a vida durante 25 anos como empregado nos sectores do transporte e da automoción, até que en 2011 me botaron do traballo. Aínda podo dicir que tiven a sorte que me colleu antes das últimas reformas laborais e cobrei unha indemnización de 45 días por ano traballado. Logo estiven dous anos cobrando o paro, e posteriormente outros dous o subsidio. Na actualidade estou a piques de esgotar a Renda Activa de Inserción. De todos os xeitos, non hai que esquecer que estamos a falar de axudas que só che permiten subsistir.

–Como foi a busca dun posto de traballo?

Pois moi frustrante. Intenteino no transporte e na automoción, onde teño experiencia, pero tamén no naval. Pero estabamos no peor momento da crise económica. E agora ao ter 45 anos e ser parado de longa duración é moi difícil que te contraten, a pesar de que seguín a formarme. Iso si, sempre pola miña conta, porque o SEPE [Servizo Público de Emprego Estatal] non che proporciona ningún tipo de axuda nin de curso; unicamente se dedica a xestionar as prestacións. A maioría dos cursos que fixen foron a través da CIG.

> **"Os parados e paradas somos na actualidade actores e actrices dunha gran farsa".**

–Mantivo entón a vinculación coa central...

Claro, porque para moitos/as de nós o único vínculo co mundo laboral é o sindicato. Senón só coñeceriamos a realidade do mundo laboral a través dos medios de comunicación, que dan unha imaxe ficticia do que acontece. A nivel persoal tamén é importante para min manter contacto co mundo sindical, onde teño compañeiros/as e amigos/as. Son afiliado da CIG dende 2001, pero antes xa o fun da INTG no ano 93.

–Como é o seu día a día?

Érgome bastante cedo e vou ao bar a ler a prensa. Un par de días á semana paso polo local do sindicato. Tamén participo en todas as mobilizacións que podo. Agora mesmo estou a facer un curso a través da patronal do metal, en concreto do naval, pero a verdade é que non teño moitas esperanzas de atopar emprego no sector tal e como está o panorama. O único propósito destes cursos é sacar a xente das listas do paro, xa que non cre neles nin a patronal que os promove. Os parados/as somos actores e actrices dunha gran farsa.

–Que é o peor de verse nesta situación?

O que peor se leva é ver como vai pasando o tempo e os aforros minguan; a situación vital vaise deteriorando e con-

"Sabes que cada día que pasa é peor que o anterior e incluso tes medo de poder chegar a quedar na indixencia". / TS

tas os días que quedan para rematar a prestación. Sabes que cada día que pasa é peor que o anterior e incluso tes medo de poder chegar a quedar na indixencia. Tamén é moi duro escoitar os gurús económicos da televisión dicir que a xente da nosa idade non vai volver traballar. Que pensan facer connosco? Meternos en guetos? Gasearnos? Por iso é moi importante non perder a perspectiva e estar organizado, porque queren que quedemos na casa mentres destrúen a nosa forma de vida e converten este país nun ermo.

–Coñece a moita xente en condicións similares?

Si. Ao meu arredor vexo xente nunha situación incluso máis precaria. Outras moitas persoas tiveron que facerse autónomos para manter o emprego ou sobreviven con traballos en "B".

–Conta con axuda familiar ou doutro tipo?

Afortunadamente si. Recibo axuda da familia, de amigos/as e de compañeiros/as que me permite saír adiante; tamén pequenos traballos que vou facendo, porque con 426 euros ao mes é imposíbel vivir. Tras 25 anos cotizando á Seguridade Social a única solución que me dan dende os Servizos Sociais do Concello de Vigo e da Xunta de Galiza é que vaia a Cáritas ou á parroquia, que non é ningunha vergoña, tal e como me dixo unha funcionaria.

"A única solución que me dan dende o Concello e a Xunta é que vaia a Cáritas ou á parroquia".

–Como ve o seu futuro inmediato?

Son consciente de que se logro atopar un posto de traballo vai ser moi precario, pero coa deterioración das condicións laborais conseguiron que teñamos que aceptar calquera cousa para sobrevivir. Deste modo a patronal ten á súa disposición man de obra cualificada e con experiencia a prezo de saldo. Por iso é fundamental estar organizado sindicalmente e seguir dando a batalla para manter unhas condicións de traballo dignas. Pero non organizados de calquera xeito, senón en centrais que sexan combativas e que non se preguen a intereses alleos á clase traballadora. Neste tempo puidemos ver como sindicatos como CCOO e UGT foron cómplices de todas as agresións que estamos a padecer.

–Con todo, pensa que pode ter unha saída a curto prazo?

Teño que pensar que si. Intento ser positivo, pero a verdade é que me custa moito traballo. Se non es positivo podes enfermar, e a cousa aínda se pon peor. Logo está a xente que te axuda, non podes estar todo o día queixándote.

–Barallou a posibilidade de buscar emprego fóra?

Si, como o 90% da xente que coñezo e que está na miña situación. Moitos/as están a preparase coa idea de marchar. Pero gústame vivir no meu país, así que para min é a última saída que contemplo. Sería un paso atrás, porque hai que loitar para ter unha vida digna aquí. Penso que emigrar non é a solución. Os que nos obrigan a marchar son os mesmos que nos recortan as prestacións ou lles quitaron a cobertura sanitaria aos inmigrantes. Marchar obrigado sería recoñecer a derrota fronte ao capital.

Do negocio do ladrillo á sanidade como negocio

O TTIP pretende deixar os diferentes sistemas sanitarios da Unión Europea en mans das grandes empresas

Manuel González Moreira

O Tratado Transatlántico para o Comercio e o Investimento (TTIP) está a ser negociado nestes momentos entre a Unión Europea e os Estados Unidos cunha absoluta falta de transparencia e sen ningún tipo de control por institucións democráticas; quen negocia representa as grandes corporacións económicas e empresariais dos dous lados do atlántico. Entre eles pretenden acadar uns acordos que serán ratificados polas autoridades da UE e dos EEUU e que condicionarán o futuro das relacións non só económicas ou financeiras senón tamén políticas.

O TTIP pretende: "aumentar o comercio e o investimento entre a UE e os EEUU facendo realidade o potencial sen explotar dun autentico mercado transatlántico que xere novas oportunidades económicas de creación de emprego e crecemento mediante un mellor acceso ao mercado e unha maior compatibilidade regulamentaria e marcando unha pauta en materia de normas mundiais", segundo se recolle no mandato negociador da Comisión Europea.

Usuarios/as e profesionais da sanidade pública están en pé de guerra contra as privatizacións. / TS

Pero que se agocha detrás destes grandes enunciados?

Coa desculpa da homologación das normas comerciais e de investimentos, o que pretenden en realidade é aplicar as normas dos EEUU, que están feitas ao servizo das grandes empresas multinacionais, na UE.

Estas normas facilitarían o desembarco das empresas americanas, coas súas condicións, en Europa, saltando calquera regulación propia que puidera limitar ou condicionar os seus beneficios.

Deste xeito as futuras decisións de calquera goberno democrático estarán condicionadas polos termos deste tratado, se pretende seguir no marco da UE.

E ademais establece que os posibles desacordos de interpretación sexan resoltos por "tribunais independentes" creados no propio tratado e fóra da xurisdición de cada Estado.

O Tratado Transatlántico pretende trasladar o modelo de sanidade como negocio.

E como afecta todo isto á nosa sanidade pública?

A importancia da aplicación dos termos deste tratado para o conxunto da cidadanía ponse de manifesto tamén polo ámbito e a cantidade de materias afectadas, sendo unha delas o tratamento que fai dos servizos públicos, e especialmente da sanidade pública.

No ámbito da UE a saúde é un dereito que os Estados deben garantir, e isto faise de diferentes formas, non sempre cunha sanidade pública universal, equitativa, gratuíta no momento da prestación e financiada cos orzamentos, como defendemos as e os que apostamos pola sanidade pública; en moitos casos faise con sistemas de "caixas de seguros" financiados con cotizacións de traballadores/as e achegas dos Estados, e que poden ter xestión pública ou privada.

Nos EEUU a saúde é un negocio, e a prestación da asistencia sanitaria forma

parte do mercado de consumo; terá asistencia sanitaria quen poida pagala, ben directamente ou con seguros privados, en moitos casos ligados aos contratos laborais, pero sempre financiados polo propio traballador/a co seu salario. Ademais, os seguros cobren determinadas enfermidades ou situacións en función do custo da póliza. É coñecida a frase "o meu seguro cobre todo menos o que me pasa a min", polo que os conflitos coas aseguradoras sanitarias son unha das principais causas de litixios nos EEUU e a enfermidade é a primeira causa de ruína na clase media.

O Tratado Transatlántico, no seu afán homoxeneizador, pretende trasladar o modelo de "sanidade como negocio" e abrir ao mercado os diferentes sistemas sanitarios da UE pasando a ter un modelo sanitario equivalente ao dos EEUU que xa ten demostrado que é máis caro, máis inxusto e menos eficiente que o noso, pero, iso si, deixa máis beneficios aos grandes fondos de investimento que teñen na sanidade o negocio que ten que substituír ao negocio do ladrillo.

Para conseguir este obxectivo pretenden dúas cousas:

- Dar entrada ás grandes empresas da sanidade (aseguradoras, farmacéuticas, tecnolóxicas...) no mercado europeo nas mellores condicións posibles.

- Asegurar os investimentos realizados na privatización da sanidade pública, para blindalos fronte a posibles cambios políticos.

E como consecuencia, desaparecerán os principios polos que defendemos a sanidade pública.

O primeiro, a universalidade, que xa desapareceu no Estado español en 2012 tras un Real Decreto Lei publicado polo PP, pasando a ter dereito á sanidade pública só as persoas aseguradas á Seguridade Social ou as súas beneficiarias; pero que co TTIP dan un paso máis e permitirá que traballadores/as "renuncien" a cobertura da Seguridade Social e no seu contrato se inclúa un seguro privado que cubra a asistencia sanitaria e a xubilación.

Tamén desaparece a equidade; non estaremos todas e todos en igualdade de condicións fronte á enfermidade, xa que a nosa capacidade de recibir tratamento dependerá do noso nivel de renda e da nosa capacidade de contratar un seguro con máis ou menos cobertura. Nos EEUU hai máis de 30 millóns de persoas sen ningún tipo de cobertura sanitaria, e moitos máis con coberturas mínimas que só dan acceso a a unha sanidade de terceira.

A sanidade pública, planificada, xestionada e prestada por persoal público ten os días contados.

Ao desaparecer a saúde como dereito garantido polos Estados desaparece o carácter redistributivo da sanidade pública que defendemos, financiada con impostos e non con seguros privados ou copagamentos e repagamentos, onde pague máis impostos, e polo tanto máis sanidade, quen máis cartos teña e non quen máis sanidade necesite, como xa está comezando a ocorrer agora.

A planificación da asistencia sanitaria deixa de facerse en función dos intereses da cidadanía e pasa a facerse en función dos beneficios económicos que se poidan obter. Isto ten unha enorme importancia nun país como o noso, cun gran número de núcleos de poboación, cunha dispersión importante e cada vez cunha poboación máis envellecida. A estrutura actual da Atención Primaria, con moitos centros, situados próximos as necesidades da cidadanía, contribúe a vertebrar o noso territorio, pero non fornecerá beneficios económicos as empresas que definan a planificación da sanidade, polo que será difícil garantir a súa supervivencia.

A propia existencia da sanidade pública, planificada, xestionada e prestada por persoal público, que xa está a ser desmontada hoxe, terá os seus días contados coa aplicación do Tratado.

O risco é tan evidente que até o Comité Permanente de Médicos Europeos (CPME), que representa ás ordes e colexios médicos da UE, instou os políticos/as que negocian o TTIP a respectaren o dereito da Unión Europea a lexislar sobre a xestión dos seus servizos públicos de saúde manténdoa fóra do ámbito de aplicación do TTIP.

Só queda un camiño: romper a barreira de silencio que nos queren impoñer manifestándonos publicamente en contra do Tratado, informar a cidadanía dos perigos reais do que se está a negociar e denunciar as organizacións políticas que están dando cobertura a esta negociación.

O novo hospital de Vigo está a ser un exemplo da privatización da xestión sanitaria. / Arquivo

A entrega dos premios celebrouse tras a xuntanza do Consello Confederal. / TS

IX Edición dos Premios 8 e 10 de Marzo

A CIG recoñece a capacidade de loita e sacrificio das traballadoras e traballadores de Urbaser e Cleanet

Begoña González Carballo

A CIG outorgou este ano o Premio 10 de Marzo ao persoal de Urbaser e recoñeceu co Premio 8 de Marzo ás traballadoras de Cleanet, exemplos ambos da capacidade de loita, sacrificio e solidariedade da clase obreira galega. No primeiro caso, o persoal da recollida de lixo de Lugo permaneceu 59 días en folga na defensa dun convenio colectivo digno e que recollese melloras, sobre todo para os compañeiros e compañeiras con peores condicións laborais.

No caso das traballadoras de Cleanet (encargadas da limpeza dos edificios militares), a loita referiuse a un dereito

As traballadoras de Cleanet tiveron que ir á folga para cobrar os seus salarios. / TS

tan básico como cobrar polo traballo realizado. Unha reivindicación que custou as traballadoras da empresa en Ferrol permanecer máis de catro meses en folga, mentres que as de Pontevedra secundaron 13 xornadas de paro.

Ambos os conflitos teñen en común producirse en empresas adxudicatarias de contratos públicos, ese amplo campo de negocios millonarios a conta do erario público no que grandes empresas como Urbaser (do grupo ACS) buscan tirar a mellor tallada e que outras máis cativas como Cleanet usan a modo de plataforma para medrar. Un campo de negocio que crece parello ao desmantelamento do estado de benestar e que se presta a todo tipo de subornos e que está no xerme das grandes tramas corruptas coas que almorzamos a diario, que non son senón unha estafa a toda a cidadanía.

As dúas loitas tamén se caracterizaron porque as administracións titulares –concretamente o Concello de Lugo e o Ministerio de Defensa– obviaron a súa responsabilidade, permitindo ás empresas privadas que xestionan os servizos incumpriren os pregos de condicións, saltaren a normativa laboral e utilizaren os cartos dos e das contribuíntes para engordar os seus beneficios na mesma proporción que precarizan o emprego.

O persoal de Urbaser permaneceu 59 días en folga na defensa dun convenio colectivo digno. / TS

Ao acto asistiron representantes de organizacións políticas, sociais e culturais galegas. / TS

No acto lembrouse aos compañeiros Alfredo Bocija, X.L. Martín Freire 'Paiosaco' e Xurxo Cordero, finados en 2014. / TS

Farto/a da situación que vives no traballo?

Proba o noso método de autoaxuda laboral

1 Colle a papeleta da CIG

2 Dobra a papeleta da CIG

3 vota CIG



www.galizacig.gal